



CONCELLO DE BARREIROS (LUGO)

C.I.F. P-2700500 H - C/ Villa, 63.- SAN COSME - 27790 - Teléf. 982 12 40 02 - Fax 982 12 41 10

BANDO

O Sr. Alcalde do Concello de Barreiros pon en coñecemento de todos/as os/as veciños/as que a Consellería de Economía e Industria, acaba de convocar unhas **AXUDAS ECONÓMICAS PARA O PAGO DE PARTE DA FACTURA ELÉCTRICA A TRAVÉS DO TICKET ELÉCTRICO SOCIAL DE GALICIA.**

• **REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS:**

- Ser residente na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que na unidade de convivencia haxa menores de idade ou persoas con discapacidade cun grado igual ou maior ó 33%.
- Ser o pagador da correspondente factura de enerxía eléctrica.
- Que os ingresos totais da unidade de convivencia non superen **1.5 veces o IPREM.**
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións.
- Só poderá presentarse unha única solicitude por unidade de convivencia.

• **PRAZO DE PRESENTACIÓN:**

Do 17 de xaneiro ó 15 de xullo do 2017.

Para maior información, así como para a tramitación do expediente, poden pasarse polo Departamento de Servizos Sociais, mediante cita previa e en horario de mañá.

Barreiros a 25 de xaneiro de 2017



ASDO.: D. JOSÉ ALFONSO FUENTE PARGA.